

CURSO 2020-2021

NORMAS

ESTE CURSO A VIDEOTECA DO CENTRO REXERASE POLOS SEGUINTES **OBXECTIVOS E NORMAS:**

- 1) EMPREGARASE, EN PRIMEIRO LUGAR, E COMO VÉN SENDO HABITUAL ESTES ÚLTIMOS CURSOS, COMO **ESPAZO DE RECREO E GOCE DO NOSO ALUMNADO.**

A FINALIDADE É SEGUIR CAMIÑANDO NA PROCURA DUN AMBIENTE LÚDICO, ABERTO E RESPECTUOSO DURANTE DOUS RECREOS Á SEMANA.

UN LUGAR DE ENCONTRO E CONFIANZA ONDE TODO O ALUMNADO QUE O DESEXE VISITAR POIDA RELAXARSE, SEMPRE FACENDO BO USO DAS SÚAS POSIBILIDADES.

A LABOR DE TITORÍA CORRERÁ A CARGO DO TITOR DE VIDEOTECA: D. MANUEL GARCÍA SEIXAS, QUEN SERÁ O RESPONSABLE DA CORRECTA ATENCIÓN AO ALUMNADO, O QUE LEVA IMPLÍCITO O CONTROL DO COMPORTAMENTO DO MESMO (TENDO EN CONTA QUE SON “HORAS E ESPAZO DE RECREO”) BASEÁNDOSE NA **NORMA PRIMORDIAL DO RESPECTO MUTUO.**

TUDO AQUEL ALUMNADO QUE INCUMpra AS NORMAS BÁSICAS DE RESPECTO MUTUO E TOLERANCIA (DENTRO DA “FLEXIBILIDADE” NA CONVIVENCIA E ESTANCIA NA VIDEOTECA) POR 1ª VEZ, RECIBIRÁ UNHA ADVERTENCIA POR PARTE DO TITOR DE VIDEOTECA.

A TERCEIRA ADVERTENCIA IMPLICARÁ UN MES SEN PODER UTILIZAR O SERVIZO DE VIDEOTECA.

SE TRANSCORRIDO ESE PRAZO SE VOLVE A REINCIDIR, XA NON SE PODERÁ UTILIZAR O SERVIZO EN TODO O CURSO.

EN TODOS OS CASOS SINALADOS, TOMARANSE, DE SER PRECISAS, AS MEDIDAS OPORTUNAS SEGUNDO O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CENTRO: AVISO AO TITOR-A, AVISO AOS PAIS, AVISO Á DIRECCIÓN, E AS SANCIÓNs QUE SE CONSIDEREN NECESARIAS.

- 2) POR OUTRA PARTE, **TODO O MATERIAL PARA PRÉSTAMOS DA VIDEOTECA QUE APARECE NO “LISTADO INVENTARIO ALFABÉTICO 2020-21” QUE ATOPAREDES NA SALA DE PROFESORES E NA MESMA VIDEOTECA, ESTARÁ Á DISPOSICIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EXCLUSIVAMENTE PARA TAREFAS LÚDICO-EDUCATIVAS. ASÍ MESMO, TAMÉN ESTARÁ A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO DO CENTRO SEMPRE QUE CUMpra COA NORMA 4.**

- 3) OS DÍAS DE APERTURA E USO “PÚBLICO” DA VIDEOTECA PARA ALUMNADO E PROFESORADO SERÁN:

- **MARTES E XOVES NO 1º RECREO.**

- (EN TODO CASO, COMO OCORREU SEMPRE, SE ALGÚN PROFESOR-A PRECISA CON URXENCIA UNHA PELÍCULA, OU ALGO QUE ESTEA NA VIDEOTECA, QUE SE POÑA EN CONTACTO COMIGO SEN PROBLEMA EN CALQUERA MOMENTO QUE ME VEXA NO CENTRO, XA QUE A VIDEOTECA ESTÁ SEMPRE EN FUNCIONAMENTO PARA ESES CASOS DENTRO DAS POSIBILIDADES DO MEU HORARIO.)

4) **FORMA DE RECOLLER MATERIAL.- A SER POSIBLE, LEVADE A REFERENCIA QUE ACOMPAÑA A CADA MATERIAL E QUE ATOPAREDES NO LISTADO ALFABÉTICO. POSTERIORMENTE, INDICÁDESLE AO TITOR DE VIDEOTECA O TÍTULO E MÁIS A REFERENCIA, E RECOLLEDES O MATERIAL, INDICANDO O VOSO NOME, APELIDOS, CURSO E GRUPO. O ALUMNADO SÓ PODERÁ LEVAR MATERIAL SEMPRE QUE CUBRA UN DOCUMENTO RESPONSABILIZÁNDOSE DO BO USO DO MESMO (É DICIR, PARA TAREFAS LÚDICO-EDUCATIVAS, E COA CONSEGUINTE PROHIBICIÓN DE REALIZACIÓN DE COPIAS OU REPRODUCCIÓNS ILEXÍTIMAS) QUE DEBERÁ SER ASINADO POLOS SEUS PAIS OU TITORES LEGAIS. (ANEXO MODELO SOLICITUDE MATERIAL VIDEOTECA)**

Ⓛ Fixádevos ben, á hora de recoller o material, que estea en boas condicións.

Avisarase no momento, ou o máis rápido posible das deficiencias, defectos, roturas, etc... que puidera haber no material que se queira levar. Quen non avise disto será considerado a todos os efectos o/a culpable dos danos producidos ao material e, polo tanto, deberá reintegrar en perfectas condicións aquilo que levara, ben mercándoo novo ou ben, pagando o custo do material.

5) **DEVOLUCIÓN MATERIAL.- O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SERÁ DE UNHA SEMANA A PARTIR DO DÍA QUE RECIBADES O MATERIAL (SÓ O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DOS LIBROS SERÁ DE 15 DÍAS).**

EN CASO DE PRECISAR POR MÁIS TEMPO O MATERIAL POR RAZÓNS PEDAGÓXICAS OU PERSOAIS DEBEREDES COMENTARLLO AO TITOR DE VIDEOTECA QUEN ANOTARÁ AS DATAS DE DEVOLUCIÓN PERTINENTES SEGUNDO OS CASOS.

6) **QUEDA PROHIBIDA A COPIA. LOXICAMENTE ESTE MATERIAL É SÓ PARA O SEU CORRECTO USO LÚDICO-EDUCATIVO. QUEN INCUMpra ESTA PROHIBICIÓN SERÁ BAIXO A SÚA PROPIA RESPONSABILIDADE.**

7) **TERASE EN CONTA QUE TODO MATERIAL QUE COMECE CUNHA LETRA “M” MAIÚSCULA ANTES DA REFERENCIA PERTINENTE, OU “MERCADO POR MANUEL SEIXAS”, AÍNDA SENDO CUALIFICADO PARA PRÉSTAMOS, É PROPIEDAD DE D. MANUEL GARCÍA SEIXAS.**

8) **TODO O MATERIAL QUE APAREZA CO SÍMBOLO Ⓢ, É QUE ESTÁ DEFECTUOSO (RAIADO, ROTO, ETC.) OU EXTRAVIADO. PROCURAREMOS VOLVER INCLUÍLO EN CANTO SEXA POSÍBEL.**

9) **PROTOCOLO COVID-19**

- **PODERÁ HABER UN MÁXIMO DE 8 PERSOAS NA VIDEOTECA.**

- **DEBERÁ USARSE MÁSCARA E GARDAR A DISTANCIA DE SEGURIDADE.**

- **O ALUMNADO PODE COLLER MATERIAL DOS ANDEIS SEMPRE E CANDO O AFORO DA VIDEOTECA NON ESTEA COMPLETO, SIGA AS INSTRUCCIÓNS DO**

TITOR DA VIDEOTECA E MANTEÑA A DISTANCIA DE SEGURIDADE. DEBERÁ USAR XEL ANTES DE TOCAR O MATERIAL.

- **NO TRANSCURSO DO CURSO, CREAMOSE UNHA SECCIÓN NA PÁXINA WEB PERSOAL DO TITOR DE VIDEOTECA “www.manuelseixas.com” NA QUE POIDAN CONSULTAR OS FONDOS DA VIDEOTECA.**
- **NON ESTÁ PERMITIDO MOVER CADEIRAS OU MESAS.**
- **NON ESTÁ PERMITIDO COMER (AÍNDA QUE SEXA RECREO) NIN USAR TELÉFONOS MÓVILES OU OUTROS APARELLOS ELECTRÓNICOS.**
- **SÓ PODE HABER UNHA PERSOA POR POSTO DE RECOLLIDA DE MATERIAL E/OU LECER / ORDENADOR.**

O Titor de Videoteca

A Directora do centro

D. Manuel García Seixas

D. Rebeca García Rodríguez